

# R



## R, patrocinador do equipo Fundación Celta Integra un ano máis

- *O director da Fundación Celta e o director de R acudiron esta mañá á sede do club vigués xunto a unha representación do equipo para revalidar o acordo.*
- *A alianza entre a Fundación Celta de Vigo e o operador galego responde á súa mantida aposta conxunta polo deporte como valor de vida para promover a saúde, a competencia sa, o esforzo e o compañeirismo, entre outras metas.*
- *O convenio revalida a colaboración entre operador e club e subscribe de novo o apoio de R ao Celta Integra para contribuír á mellora constante e a adaptación social do equipo e dos seus mozos integrantes, do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).*

**Martes, 14 de marzo de 2023 .-** O director da Fundación Celta, Germán Arteta e o director de R, Alfredo Ramos, posaron esta mañá xunto a membros do equipo e do corpo técnico do conxunto Celta Integra no Salón Rexio da sede do R.C.Celta en Vigo, para pór en escena o novo **acordo de patrocinio rubricado polo operador galego e a entidade olívica**. Así, R volve patrocinar oficialmente o Celta Integra, que xoga en *LaLiga Genuine*, competición de equipos formados por persoas do colectivo D.I (con discapacidade intelectual) e organizada por *LaLiga*.

Arteta expresou na xuntanza o seu agradecemento a R pola súa “*xenerosidade e apoio ao equipo Fundación Celta Integra. Esta colaboración axúdanos ano tras ano a mellorar as oportunidades do noso equipo e a súa calidade de vida, contribuíndo ao seu crecemento, progreso e mellora, ademais de ampliar a formación dos seus integrantes da man do fútbol, utilizando este deporte como ferramenta transversal para transmisión de valores. Asociarnos con R permítenos obter unha maior difusión e visibilidade do proxecto, algo fundamental á hora de seguir captando novos aliados. Podemos dicir que Celta Integra xa non só é un proxecto da Fundación senón que se transformou nunha realidade froito de todos quen nos axudan a seguir crecendo*”.

Alfredo Ramos explicou que para R colaborar co Celta Integra “*é unha das accións que nos fai sentir máis orgullo e satisfai como empresa, porque cremos que de verdade estamos contribuíndo, aínda que só sexa un pouco, á construción dunha sociedade máis solidaria e xusta. Aquí e agora podemos expresar, unha tempada máis, a nosa aposta compartida polo deporte, pola integración social e por valores tan importantes como a competencia sa ou os bos hábitos de vida. (...)*”

*(...) E gústanos lembrar, ano tras ano, o de “compartir antes de competir”, algo que este equipo fantástico ten gravado a lume para darnos de xeito permanente leccións de vida. Por iso, ratificamos o noso apoio á Fundación Celta e a nosa amizade de sempre co club e apoiamos sen dubidalo tamén na tempada 2022-23 esta iniciativa marabillosa”.*

## **R, co equipo nos partidos**

O operador galego xa é patrocinador oficial do Celta Integra ata o final da presente tempada 2022-23 de *LaLigaGenuine*: o logo de **R** estará presente no equipamento deportivo dos/das xogadores/as e do corpo técnico e figurará igualmente na **web do equipo** Celta Integra. Ademais, os/as xogadores/as do club vigués disputarán un **partido amistoso** contra profesionais de **R**, entre outras accións incluídas no acordo.

Con este patrocinio, a Fundación Celta de Vigo e **R** poñen en común o interese de ambas as entidades por contribuír á mellora constante, o crecemento e a adaptación social do equipo e das persoas que o conforman. Do mesmo xeito, o operador galego mantén vixente neste acompañamento ao conxunto Celta Integra a súa inquietude pola **colaboración social para contribuír á mellora de vida** dos/das habitantes de Galicia a todos os niveis.

## **LaLiga Genuine: un lustro de fútbol integrador**

O proxecto de *LaLiga Genuine*, que vincula fútbol e integración social, comezou a súa andaina da man de *LaLiga* hai cinco tempadas. Para que prime a deportividade na competición, onde participan conxuntos do colectivo D.I. (persoas con discapacidade intelectual), os clubs contan con **puntos que premian o xogo limpo**, ademais da puntuación polos resultados deportivos. O campionato xógase na modalidade de Fútbol 8 (partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha) e a tempada divídese en 4 fases, que se desenvolven en diferentes sedes.

### ***Sobre a Fundación Celta Integra***

*O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar a persoas con discapacidade intelectual as escolas da Fundación Celta como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol, senón conseguir un avance individual a nivel social e persoal, ser máis responsables e independentes.*

### **Sobre R**

**R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. ([R.gal](http://R.gal)).

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)